

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Villanueva Villar, Mónica
Currás Valle Maria, Consuelo
Pereira Lorenzo, Nemesio
Soto González, María Mercedes
Davila Segade, Ruth
Lima González, Estela
ESCUSA ASISTENCIA
Martínez Martín, M^a José

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores, **1 de marzo de 2023**, ás 13:45 h en primeira convocatoria e ás 14:00 en segunda convocatoria

O día **1 de marzo de 2023** ás 14:00 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2023.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que informa que non houbo modificacións.

Apróbase por asentimento.

2. Resolución, se procede, das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de persoas candidatas.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que se recibiron unha solicitude de renuncia e 7 reclamacións en sentido estrito, e todas elas subsanan os erros. Asemade, recibíronse dúas peticións, que non poden considerarse reclamacións en sentido estrito: unha, para presentar solicitude en período de subsanación, alegando problemas para a súa presentación en prazo. Na medida que foi nun departamento onde non hai outras solicitudes propónse aceptala neste período. A segunda petición é para subsanar una solicitude presentada para varios departamentos, o que non está permitido. Non obstante, non foi presentada por sede e non indica o departamento de opción. Asemade, en todos os seleccionados habería que proceder a elección de aceptarse a solicitude, o que pode supoñer prexuízo para terceiros, polo que se propón non aceptala por defecto de forma.

Apróbase por asentimento a proposta.

3. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supere o número de postos a cubrir (art. 27.12º REX).

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, que indica o seguinte:

Listado de departamentos nos que haberá que celebrar elección:

- H04 – Filoloxía inglesa, francesa e alemá (3º ciclo)
- H12 – Tradución e lingüística (3º ciclo)
- T01 – Deseño na enxeñaría (1º/2º e 3º ciclo)
- T05 – Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción (1º/2º e 3º ciclo)
- T13 – Enxeñaría telemática (3º ciclo)
- T17 – Matemática aplicada II (1º e 2º ciclo)
- X01 — Análise e intervención psicosocioeducativa (3º ciclo)
- X04 – Didáctica, organización escolar e métodos de investigación (3º ciclo)
- X13 – Dereito público especial (1º/2º e 3º ciclo).

Listado de departamentos nos que conclúe o proceso electoral:

- C01 — Bioloxía funcional e ciencias da saúde
- C02 – Bioloxía vexetal e ciencias do solo
- C03 — Bioquímica, xenética e inmunoloxía
- C04 — Ecoloxía e bioloxía animal
- C05 — Estatística e investigación operativa
- C06 — Matemáticas
- C07 — Química analítica e alimentaria
- C09 — Química inorgánica
- C10 — Xeociencias mariñas e ordenación do territorio
- C11 — Química física
- C12 — Química orgánica
- H03 — Filoloxía galega e latina
- H05 — Historia, arte e xeografía
- H07 — Escultura
- H08 — Pintura
- H09 — Debuxo
- H10 — Lingua española
- H11 — Literatura española e teoría da literatura
- T02 — Enxeñaría eléctrica
- T03 — Enxeñaría mecánica, maquinas e motores térmicos e fluídos
- T04 — Enxeñaría química
- T06 — Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
- T07 — Enxeñaría de sistemas e automática
- T08 — Física aplicada
- T11 — Tecnoloxía electrónica
- T14 — Teoría do sinal e comunicacións
- T15 — Informática
- T16 — Matemática aplicada i
- X02 — Dereito privado
- X03 — Dereito publico

- X05 — Didácticas especiais
- X06 — Economía aplicada
- X07 — Economía financeira e contabilidade
- X08 — Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas
- X09 — Organización de empresas e marketing
- X10 — Psicoloxía evolutiva e comunicación
- X11 — Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía
- X14 — Comunicación audiovisual e publicidade

Apróbase por asentimento.

4. Acordo, se procede, sobre a comunicación de instrucións a presidentes das mesas, cara ao escrutinio.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen indica que o texto é o mesmo que foi remitido fai catro anos, dado que non houbo cambios na normativa e que se trata dunha actuación habitual neste tipo de procesos electorales na UVigo.

Apróbase por asentimento.

5. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, do nomeamento de interventores e interventoras.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que se trata dunha delegación habitual, malia que non se solicita habitualmente o nomeamento de interventores nesta clase de eleccións.

Apróbase por asentimento.

6. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, das cuestións de trámite e as respostas as dúbidas que poidan xurdir ata a data de emisión de voto.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen explica que se trata dunha delegación habitual, evitando ter que convocar á comisión para trámites ou dúbidas sinxelos.

Apróbase por asentimento.

7. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, da proclamación provisional dos resultados.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen explica que se trata dunha delegación habitual, para non ter que convocar á comisión ata a proclamación definitiva.

Apróbase por asentimento.

8. Quenda de intervencións.

O reitor agradece a súa presenza aos membros da comisión. Non hai outras intervencións.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral